

**Ricardo Varela pregunta ao Goberno “se uns botes de pintura, uns bloques e un chimpín son suficientes para construír a Intermodal de Lugo”**

O Senador Lucense rexistrou esta pregunta na Cámara Alta, para saber se o despregue de recursos que se poden ver nos accesos á estación de tren de Lugo, significa que estamos ante a primeira fase da construción da comprometida obra

Esta iniciativa súmase a todas as emprendidas polo Partido Socialista e encamiñadas a intentar que o Goberno central retome, no menor tempo posible, o acordo suscrito no 2010 por José Blanco, cando dirixía a carteira de fomento e deixara o proxecto da Intermodal totalmente encamiñado

**LUGO, 13 DE MARZO DE 2015.-** O senador lucense –Ricardo Varela- ven de rexistrar unha iniciativa na Cámara Alta, a través da que preguntará, con certa ironía, ao Goberno central se o despregue de recursos que se poden ver nos accesos á estación de tren de Lugo, significa que estamos ante a primeira fase da construción da comprometida Intermodal.

Segundo explica sarcasticamente o senador socialista, “nos últimos días viuse como se estaba a producir un impresionante acopio de maquinaria e material de construción: media ducia de botes de pintura branca e vermella, cos que se lle deu unha man ao galpón máis achegado e visible ás rúas de acceso á estación. Tamén poden verse unha ducia de bloques de formigón e un chimpín en moi bo estado”.

Varela solicitará unha resposta ao Goberno de Rajoy, e en concreto ao Ministerio de Fomento, para que aclare se esta actuación responde a “unha tomadura máis de pelo aos veciños da provincia”. “Deben aclarar se simplemente se está a facer un lavado de cara á estación actual con fins electoralistas e continuar enmascarando a realidade de que a intención do PP é deixar á provincia de Lugo sen AVE”.

Esta iniciativa súmase a todas as emprendidas polo Partido Socialista e encamiñadas a intentar que o Goberno central retome, no menor tempo posible, o acordo suscrito no 2010 por José Blanco, cando dirixía a carteira de Fomento e deixara o proxecto da Intermodal totalmente encamiñado. Neste senso, dende que o senador lucense descubriu o engano deliberado do Executivo estatal polo que Fomento eliminou o contrato do proxecto hai dous anos e paralizou a execución da variante da Pobra de San Xillao, o PSOE promoveu unha intensa campaña institucional coa que sumaron un bo número de apoios para evitar que o Ministerio marxinase á provincia na chegada do tren de Alta velocidade.

**Texto da pregunta presentada**

*“En la estación de ferrocarril de la ciudad de Lugo, capital de la provincia del mismo nombre, hemos visto como en los últimos días se producía un impresionante acopio de maquinaria y material de construcción. Media docena de botes de pintura blanca y roja con los que se le ha dado una mano al galpón más cercano y visible a las calles de acceso a la estación, no menos de una docena de bloques de hormigón, y un chimpin en buen estado.*

*¿Significa este despliegue de recursos, que estamos ante la primera fase de la construcción de la comprometida Estación Intermodal de Lugo?”*